

PLENO DO PARLAMENTO

6 de novembro de 2018
10.00 horas

ÍNDICE

	<u>Páx.</u>
Convocatoria do Pleno	<u>1</u>
Relación de membros da Cámara	<u>6</u>
Listado para votación	<u>8</u>
Punto 1. Comparecencia	<u>11</u>
37713 (10/PPP-000079) Do Sr. conselleiro de Cultura e Turismo, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018	<u>12</u>
Punto 2. Mocións	<u>14</u>
2.1 39422 (10/MOC-000109) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Álvarez Martínez, Luis Manuel Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de estradas. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 37366, publicada no BOPG n.º 365, do 03.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018).....	<u>15</u>
2.2 39423 (10/MOC-000110) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña t Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 38081, publicada no BOPG n.º 368, do 10.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018).....	<u>18</u>
2.3 39426 (10/MOC-000111) Grupo Parlamentario de En Marea Solla Fernández, Eva Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política do Sergas en materia de contratación de persoal. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 35901, publicada no BOPG n.º 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018).....	<u>21</u>

Punto 3. Proposicións non de lei	24
3.1 27687 (10/PNP-001974) Grupo Parlamentario de En Marea Solla Fernández, Eva Sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios demandados polo persoal do centro Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018.....	25
3.2 36685 (10/PNP-002729) Grupo Parlamentario Popular de Galicia Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das accións destinadas ao asinamento e aplicación do protocolo entre Aecosan e Intecmar Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018.....	29
3.3 36781 (10/PNP-002743) Grupo Parlamentario Popular de Galicia Pazos Couñago, José Alberto e 9 máis Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a concreción do prazo e da fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018.....	33
3.4 37548 (10/PNP-002797) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de negociación que se está a desenvolver para o establecemento dun novo acordo salarial para o persoal da industria auxiliar de Navantia na ría de Ferrol, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018.....	36
3.5 38443 (10/PNP-002852) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Rivas Cruz, José Luis e 5 máis Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do expediente para declarar o parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, así como o financiamento das obras para a súa rehabilitación Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018.....	41
3.6 38578 (10/PNP-002860) Grupo Parlamentario de En Marea Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas	

condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018.....	46
3.7 39067 (10/PNP-002902) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, antes do remate do curso 2018-2019, do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018.....	51
3.8 39126 (10/PNP-002913) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Otero Rodríguez, Patricia e 5 máis Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018.....	56
Punto 4. Interpelacións.....	60
4.1 35115 (10/INT-001170) Grupo Parlamentario de En Marea Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos Sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda protexida Publicación da iniciativa, BOPG n.º 352, do 05.09.2018.....	61
4.2 36087 (10/INT-001202) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Presas Bergantiños, Noa e 5 máis Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto en Galicia da suba constante do prezo da electricidade Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018.....	66
4.3 38782 (10/INT-001283) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018.....	71

Punto 5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta [75](#)

5.1 39482 (10/POPX-000112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as propostas que vai impulsar a Xunta de Galicia co fin de garantir un marco estable para as empresas electrointensivas e evitar o peche de Alcoa..... [76](#)

5.2 39483 (10/POPX-000113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade do emprego que se crea en Galicia..... [78](#)

5.3 39484 (10/POPX-000114)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para reducir a desigualdade económica en Galicia [80](#)

Punto 6. Preguntas ao Goberno [82](#)

6.1 39072 (10/POP-004572)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a solicitude da Fiscalía de Ourense para a citación como imputados de dous cargos da Consellería de Facenda por un presunto delito de acoso inmobiliario

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018..... [83](#)

6.2 38963 (10/POP-004560)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da execución do Plan director para o proxecto de saneamento integral do concello de Lalín

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018 [87](#)

6.3 36765 (10/POP-004341)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coa venda de Itínere

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018..... [90](#)

6.4 39471 (10/PUP-000197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016.....	95
6.5 39480 (10/PUP-000199) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Pierres López, María Luisa e 6 máis Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016.....	100
6.6 36414 (10/POP-004310) Grupo Parlamentario de En Marea Chao Pérez, Luca Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xuntanza coas principais plataformas web de reservas de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018	103
6.7 38948 (10/POP-004557) Grupo Parlamentario Popular de Galicia Rey Varela, José Manuel e 10 máis Sobre o estado de tramitación do expediente para a declaración de Ferrol como cidade Patrimonio da Humanidade Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018	106
6.8 39479 (10/PUP-000198) Grupo Parlamentario de En Marea Villares Naveira, Luis e 13 máis Sobre a situación de precariedade dos servizos de atención á drgodependencia, en especial no que atinxe ás mulleres	109
6.9 37100 (10/POP-004379) Grupo Parlamentario Popular de Galicia Rodríguez Arias, Marta e 6 máis Sobre a evolución que presenta a atención á dependencia en Galicia nos últimos anos Publicación da iniciativa, BOPG n.º 362, do 26.09.2018	113

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 6 de novembro de 2018, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 30 de outubro de 2018, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Comparecencia

37713 (10/PPP-000079)

Do Sr. conselleiro de Cultura e Turismo, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018

Punto 2. Mocións

2.1

39422 (10/MOC-000109)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de estradas. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 37366, publicada no BOPG n.º 365, do 03.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018)

2.2

39423 (10/MOC-000110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 38081, publicada no BOPG n.º 368, do 10.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018)

2.3

39426 (10/MOC-000111)

Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política do Sergas en materia de contratación de persoal. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 35901, publicada no BOPG n.º 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018)

Punto 3. Propositions non de lei

3.1

27687 (10/PPP-001974)

Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos

medios humanos e materiais necesarios demandados polo persoal do centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

- 3.2 36685 (10/PNP-002729)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das accións destinadas ao
asinamento e aplicación do protocolo entre Aecosan e Intecmar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018
- 3.3 36781 (10/PNP-002743)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 9 máis
Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a concreción do prazo e da
fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018
- 3.4 37548 (10/PNP-002797)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de
negociación que se está a desenvolver para o establecemento dun novo
acordo salarial para o persoal da industria auxiliar de Navantia na ría de
Ferrol, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao
respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018
- 3.5 38443 (10/PNP-002852)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
coa tramitación do expediente para declarar o parque do Pasatempo, de
Betanzos, como ben de interese cultural, así como o financiamento das
obras para a súa rehabilitación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018
- 3.6 38578 (10/PNP-002860)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e
refrixeración dos produtos do mar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018
- 3.7 39067 (10/PNP-002902)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, antes do remate do curso 2018-2019, do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

- 3.8 39126 (10/PNP-002913)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 5 máis
Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

Punto 4. Interpelacións

- 4.1 35115 (10/INT-001170)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda protexida
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 352, do 05.09.2018
- 4.2 36087 (10/INT-001202)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto en Galicia da suba constante do prezo da electricidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018
- 4.3 38782 (10/INT-001283)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

Punto 5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

- 5.1 39482 (10/POPX-000112)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as propostas que vai impulsar a Xunta de Galicia co fin de garantir un marco estable para as empresas electrointensivas e evitar o peche de Alcoa

5.2 39483 (10/POPX-000113)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade do emprego que se crea en Galicia

5.3 39484 (10/POPX-000114)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para reducir a desigualdade económica en Galicia

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 39072 (10/POP-004572)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis
Sobre a solicitude da Fiscalía de Ourense para a citación como imputados de dous cargos da Consellería de Facenda por un presunto delito de acoso inmobiliario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

6.2 38963 (10/POP-004560)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da execución do Plan director para o proxecto de saneamento integral do concello de Lalín
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

6.3 36765 (10/POP-004341)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coa venda de Itínere
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

6.4 39471 (10/PUP-000197)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016

6.5 39480 (10/PUP-000199)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 6 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa sentenza

do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016

- 6.6 36414 (10/POP-004310)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca
Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xuntanza coas principais plataformas web de reservas de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018
- 6.7 38948 (10/POP-004557)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rey Varela, José Manuel e 10 máis
Sobre o estado de tramitación do expediente para a declaración de Ferrol como cidade Patrimonio da Humanidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018
- 6.8 39479 (10/PUP-000198)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre a situación de precariedade dos servizos de atención á drogodependencia, en especial no que atinxe ás mulleres
- 6.9 37100 (10/POP-004379)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Arias, Marta e 6 máis
Sobre a evolución que presenta a atención á dependencia en Galicia nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 362, do 26.09.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 30/10/2018 16:20:45

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Flora María Miranda Pena	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
Patricia Otero Rodríguez	S
Rosa Oubiña Solla	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Julia Torregrosa Sañudo	EM
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

**Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
X Lexislatura**

(actualizada 9 de outubro de 2018)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Alvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Angeles	P			
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
5. Blanco Paradelo, Moisés	P			
6. Blanco Rodríguez, Noela	S			
7. Cal Ogando, Marcos	EM			
8. Casal Vidal, Francisco	EM			
9. Castiñeira Broz, Jaime	P			
10. Chao Pérez, Luca	EM			
11. Cuña Bóveda, María de los Angeles	EM			
12. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
13. Egerique Mosquera, Teresa	P			
14. Fernández Fernández, Raúl	S			
15. Fernández Gil, César Manuel	P			
16. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
17. Fernández Prado, Martín	P			
18. García Míguez, María Angeles	P			
19. Gómez Salgado, Carlos	P			
20. Lago Peñas, José Manuel	EM			
21. Losada Alvarez, Abel Fermín	S			
22. Mato Otero, Beatriz	P			
23. Miranda Pena, Flora María	EM			
24. Moreira Ferro, Jacobo	P			
25. Mouriño Villar, Antonio	P			
26. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
27. Novo Fariña, María Isabel	P			
28. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
29. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
30. Otero Rodríguez, Patricia	S			

31. Oubiña Solla, Rosa	P			
32. Pazos Couñago, José Alberto	P			
33. Pérez Seco, José Manuel	S			
34. Pierres López, María Luisa	S			
35. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG			
36. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
37. Prado del Río, Paula	P			
38. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quintero Araújo, Paula	EM			
42. Rey Varela, José Manuel	P			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Angel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Torregrosa Sañudo, Julia	EM			
59. Trenor López, Gonzalo	P			
60. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel	P			
61. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
62. Vázquez Verao, Paula	EM			
63. Vega Pérez, Daniel	P			
64. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
65. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA

66. Quintana Carballo, Rosa María	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. González Vázquez, José	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO

71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

1. Comparecencia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

1.1 37713(10/PPP-000079)


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sr. conselleiro de Cultura e Turismo para informar das
liñas xerais de actuación do seu departamento


Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018



XUNTA DE GALICIA
 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
 Dirección Xeral de Relacións Institucionais
 e Parlamentarias



galicia



Solicitolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Cultura e Turismo para informar “**das liñas xerais de actuación do seu departamento**”.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Admiso por: GARCIA-SENORANS ALVAREZ, BLANCA
 Com: 27/09/2018 15:23:26
 Data e hora: 27/09/2018 15:23:26

CVE: KYAVDQ68
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/ove>



Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 39422(10/MOC-000109)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de estradas. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 37366, publicada no BOPG n.º 365, do 03.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 23 de outubro de 2018, sobre a política do Goberno galego en materia de estradas (doc. núm. 37366).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1ª) Aprobar, antes de xuño de 2019, conforme ao previsto na lexislación vixente, o Plan director de estradas de Galicia, logo da tramitación parlamentaria procedente, de acordo co establecido no artigo 14.3 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia.

2ª) Remitir o Parlamento de Galicia a planificación de actuacións que, en desenvolvemento do plan MOVE, ten previsto levar a cabo o Goberno galego durante esta lexislatura.

Pazo do Parlamento, 26 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39422
Data envío: 26/10/2018 14:02:52.942

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/10/2018 14:02:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/10/2018 14:02:15

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2.2 39423(10/MOC-000110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais.

(Moción consecuencia da Interpelación n.º 38081, publicada no BOPG n.º 368, do 10.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 23 de outubro de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais (doc núm. 38081).

Moción

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Publicar neste mes, na páxina *web* da Consellería do Medio Rural, o listado e as contías outorgadas a cada un dos concellos beneficiados no Plan de infraestruturas rurais 2018-2019.

2º) Elaborar un plan de infraestruturas rurais para un período de cinco anos, no que se establezan os obxectivos perseguidos, así como a tipoloxía dos concellos nos que se pretende actuar, indicando unha orde de prioridades para cada un dos exercicios, coa finalidade de atender a todos os concellos de menos de 10.000 habitantes. O dito plan deberá publicarse na páxina *web* da Consellería do Medio Rural.

3º) Establecer, dentro do dito plan de infraestruturas rurais, unhas bases para convocar, cada un dos anos de vixencia do plan, as subvención en concorrencia competitiva de acordo coas prioridades establecidas.

4º) Establecer nas bases da convocatoria pública de subvencións a contía orzamentaria para cada exercicio, os requisitos e os criterios obxectivos de distribución.

5º) Que unha vez outorgadas as subvencións, publicárase, no prazo dun mes, a listaxe dos concellos beneficiados, así como as contías concedidas.

Pazo do Parlamento, 26 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39423
Data envío: 26/10/2018 14:03:35.136

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/10/2018 14:00:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/10/2018 14:00:38

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2.3 39426(10/MOC-000111)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política do Sergas en materia de contratación de persoal. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 35901, publicada no BOPG n.º 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018)

A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción para a substanciación da Interpelación 10/INT-001193 (35901) sobre a política do SERGAS en materia de contratación do persoal.**

- Elaborar un Plan de mellora da Atención Primaria, dotándoa de persoal, equipamento e acceso aos recursos orzamentarios necesarios para garantir políticas de promoción e prevención da saúde, así como unha asistencia de calidade, recuperando as xerencias de Atención Primaria para unha mellora da capacidade decisoria e de xestión.
- Dotar os Puntos de Atención Continuada de equipos completos (Profesional de enfermería e medicina).
- Dar cumprimento ás Directivas Europeas en materia de tempos de traballo do persoal dos Puntos de Atención Continuada.
- Dotar os Puntos de Atención Continuada de persoal suficiente en función de criterios obxectivos baseados na carga asistencia, dispersión, distribución etaria, distancia ao hospital e número de mobilizacións polo 061.
- Mudar o actual cómputo horario do persoal dos Puntos de Atención Continuada de maneira que non se contabilicen as incapacidades temporais e permisos retribuídos como tempo non traballado.

- Elaborar un plan de continxencias que permita manter persoal dispoñible en todo o momento para poder cubrir as ausencias.

Santiago de Compostela 26 de Outubro de 2018

Asdo: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P de En Marea.

Luis Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 26/10/2018 17:37:13

Luis Villares Naveira na data 26/10/2018 17:37:27

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 27687(10/PNP-001974)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de
Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago
de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios
demandados polo persoal do centro

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O persoal sanitario e non sanitario das urxencias do CHUS, leva xa moito tempo denunciando a situación total de descontrol e abandono na que se atopan estas urxencias.

Denuncian a falta de medios, tanto de persoal como de material, que provoca situacións de moitas tensión entre o persoal das urxencias que ve como ante a desidia da dirección do hospital, empeora a calidade asistencial repercutindo non só nas doentes e nos doentes, se non tamén nas condicións laborais e carga de traballo do propio persoal.

As ratios de pacientes que teñen son superiores ás que poden levar, pero esa circunstancia non impide que teñan as ratios de persoal máis baixas que hospitais cos que se poidan comparar como o CHUAC ou o CHUVI, que xa de por si, atópanse tamén bastante saturados e faltos de persoal.

En canto ao material, denuncia que están a traballar con aparatos de fai 20 anos, que dado o uso continuo ao que se someten en urxencias, atópanse nunhas condicións lamentables, que no mellor dos casos intentan ser solucionadas con reparacións e pezas de recambio, que nin de lonxe supoñen unha solución ao problema, pois volven a avariarse cada pouco tempo.



Pese ás reunións mantidas coa dirección e a xerencia, na que foron trasladadas as demandas mínimas que xa non podían adiarse máis, sendo recoñecido pola propia dirección a mala situación, as cuestións comprometidas seguen sen levarse a cabo pese a existir partidas habilitadas para tal fin, segundo a información dada pola propia xerencia en maio do ano pasado, en relación a actualización do servizo de raios.

Esta situación de falta de inversión nas urxencias, resulta totalmente inadmisíbel tanto polo empeoramento da calidade asistencial da sanidade pública como das condicións laborais do persoal, sobre todo tendo en conta que a dirección e a xerencia son plenamente coñecedoras da situación denunciada.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar as urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago dos medios materiais e humanos necesarios demandados polo persoal do centro.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 10:50
Nº Rexistro: 27687
Data envío: 12/03/2018 10:50:02.083



Eva Solla Fernández na data 12/03/2018 10:46:54

Luis Villares Naveira na data 12/03/2018 10:47:01

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 36685(10/PNP-002729)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das accións destinadas ao asinamento e aplicación do protocolo entre Aecosan e Intecmar

Publicación da iniciativa, 358, 19.09.2018

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O proceso do BREXIT trouxo como consecuencia a supresión do Laboratorio Comunitario de Referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos dos moluscos bivalvos, actualmente outorgado a un centro situado no Reino Unido.

Supostamente, razóns de carácter organizativas e económicas levaron á Comisión Europea e aos Estados membros a disgregar as súas funcións en catro centros por toda Europa en función dos seus cometidos e especialidades, entre os que se atopa o laboratorio español encargado deste cometido, situado en Vigo, e que é, ademais, Laboratorio Nacional de Referencia nesta materia.

Nun futuro post BREXIT, o cometido deste Laboratorio sería dar seguimento e control ás zonas de produción, materia na que Galicia dispón dunha ampla experiencia (a través do INTECMAR), derivada da circunstancia de que a nosa comunidade autónoma posúa a maior produción de moluscos bivalvos a nivel europeo.

A necesidade de que o Goberno de España e a Xunta de Galicia aproveiten sinerxías e colaboren no cumprimento da lexislación comunitaria para o control das zonas de produción de moluscos bivalvos, motivou que Galicia se ofrecese a apoiar na realización dos cometidos encargados de alcance nacional.

Un ofrecemento que se plasmaría nun Protocolo entre a AECOSAN (responsable do Laboratorio) e o INTECMAR, no marco do que ambos acordarían coordinar accións e intercambiar coñecementos cara a unha maior eficacia nos distintos campos de acción. En concreto:

- A AECOSAN designaba ao INTECMAR como Laboratorio Nacional de Referencia, no ámbito nacional, para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción.
- INTECMAR comprometíase a:
 - Facilitar o acceso ás mostras necesarias para a organización de ensaios interlaboratorios comparados ou ensaios de aptitude periódicos que o Laboratorio Comunitario de Referencia necesite.
 - Aceptar visitas formativas para o persoal do Laboratorio Comunitario de Referencia e compartir a experiencia xestora nas zonas de produción en Galicia coa AECOSAN.
 - Cumprir coas funcións e responsabilidades do Laboratorio Comunitario de Referencia de Moluscos Bivalvos

No momento do cambio de Goberno Central o Protocolo estaba redactado e en estudo para a súa tramitación por parte do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social.

Ante o cambio acaecido no Goberno Central, o Grupo Parlamentario Popular presenta o seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social a darlle continuidade á tramitación e a adecuar definitivamente, para proceder á súa posterior sinatura e aplicación, do Protocolo entre a AECOSAN e o INTECMAR designaba ao INTECMAR como Laboratorio Nacional de Referencia, no ámbito nacional, para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 14:41:06

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36685
Data envío: 13/09/2018 14:45:35.186**

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 14:41:14

María Ángeles García Míguez na data 13/09/2018 14:41:22

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 14:41:28

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 14:41:36

Marta Rodríguez Arias na data 13/09/2018 14:41:43

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2018 14:41:53

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2018 14:41:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 36781(10/PNP-002743)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 9 máis

Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a concreción do prazo e da fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela

Publicación da iniciativa, 358, 19.09.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:15
Nº Rexistro: 36781
Data envío: 13/09/2018 18:15:40.705

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Alberto Pazos Couñago, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A supresión da peaxe entre Vigo e Redondela é unha reivindicación do conxunto do tecido social, político e empresarial da comarca de Redondela, e moi especialmente da localidade de Chapela, principal poboación afectada pola recente ampliación da capacidade da AP-9.

O conxunto da veciñanza desta comarca, entende que está a sufrir unha situación discriminatoria dende que no ano 2011 o Goberno bipartito presidido polo Sr. Touriño, impulsase a eliminación do pago da peaxe da AP-9 entre Vigo e o Morrazo, coa única excepción de Redondela.

O Parlamento de Galicia acordou por unanimidade, instar á Xunta de Galicia a formular no marco da Comisión para a xestión da AP-9 “fórmulas para suprimir a peaxe de Rande en condicións de uso equiparables ao tramo da AP-9 comprendido entre Vigo e O Morrazo”

Na xuntanza desa comisión, celebrada o 23 de xaneiro de 2018, a Xunta de Galicia deu cumprimento a ese mandato parlamentario, e o entón Ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, anunciaba o comezo das xestións para eliminar esa peaxe cuxo fin comprometeu na contorna do pasado verán.

Tras a moción de censura que levou á Presidencia do Goberno a Don Pedro Sánchez, o novo ministro de Fomento, o Sr. Ábalos cuestionou, con argumentos que se acreditaron falsos, o traballo realizado polo anterior executivo, anunciando o adiamento “sine die” da fin da peaxe de Rande.

Por todo elo o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a requirir ao Goberno do Estado a concreción do prazo e fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela”.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:15
Nº Rexistro: 36781
Data envío: 13/09/2018 18:15:40.705**

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 17:59:13

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 17:59:23

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 17:59:38

María Ángeles García Míguez na data 13/09/2018 17:59:58

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 18:00:06

Jaime Castiñeira Broz na data 13/09/2018 18:00:20

Jacobo Moreira Ferro na data 13/09/2018 18:00:27

Marta Novoa Iglesias na data 13/09/2018 18:00:44

María Julia Rodríguez Barreira na data 13/09/2018 18:00:59

Gonzalo Trenor López na data 13/09/2018 18:01:11

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/09/2018 18:01:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.4 37548(10/PNP-002797)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de negociación que se está a desenvolver para o establecemento dun novo acordo salarial para o persoal da industria auxiliar de Navantia na ría de Ferrol, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37548
Data envío: 25/09/2018 14:00:30.654

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2001 subscribíronse uns acordos entre os sindicatos con representación en Navantia e as empresas auxiliares para regular os salarios do persoal da industria auxiliar. Eses acordos viñan no seu día para homoxeneizar a variada e numerosa tipoloxía de pluses e complementos que este persoal percibía por riba do convenio provincial do metal (convenio sectorial de aplicación), fixando unhas táboas salariais coñecidas desde aquela como Acordos do 2001.

Así é que, despois da entrega do último LHD australiano produciuse o lanzamento ao desemprego da grande maioría do persoal da industria auxiliar, situación que moitos casos prolongouse no tempo máis do que o cobro de prestacións. Moitas empresas aproveitaron esta situación de elevado índice de desemprego e carencia de prestacións para deixar de aplicar os Acordos do 2001 unilateralmente, provocando unha desvalorización salarial no sector con graves repercusións socio-económicas na comarca de Ferrol.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37548

Data envío: 25/09/2018 14:00:30.654

Froito da conflitividade que estes feitos desataron constituíuse un foro entre empresas auxiliares e sindicatos onde se está a negociar un novo acordo salarial para o persoal da industria auxiliar co obxectivo de incorporalo (unha vez pechado o acordo) ao convenio de sector.

Que informada a patronal provincial negociadora do convenio ven manifestando reiteradamente a súa negativa a que o antedito acordo chegue a facer parte do mesmo, e que, ademais das empresas auxiliares que actualmente prestan servizos para Navantia e os sindicatos negociadores, destacados representantes da patronal galega do metal (ASIME), e a presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais que está a realizar labores de mediación, teñen manifestado a súa opinión favorable ao respecto de integrar os acordos salariais para industria auxiliar de Navantia no Convenio colectivo provincial do metal.

Saber tamén que a industria auxiliar de Navantia pode chegar a empregar 3.000 persoas, polo que as condicións de traballo en xeral, e salariais en particular, deste colectivo teñen unha influencia radical para a economía da comarca de Ferrol.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda trasladar ás e aos traballadores da industria auxiliar de Navantia na ría de Ferrol o seu apoio neste proceso de negociación no que están inmersos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37548

Data envío: 25/09/2018 14:00:30.654

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a levar a cabo todas aquelas actuacións que sexan precisas para favorecer á resolución do conflito e para a integración dos chamados Acordos do 2001 ao marco provincial.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2018 13:45:07

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2018 13:45:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2018 13:45:14



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37548

Data envío: 25/09/2018 14:00:30.654

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2018 13:45:15

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2018 13:45:16

Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2018 13:45:18

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.5 38443(10/PNP-002852)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do expediente para declarar o parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, así como o financiamento das obras para a súa rehabilitación

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 17:53
Nº Rexistro: 38443
Data envío: 09/10/2018 17:53:40.539

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Diario Oficial de Galiza do luns 19 de marzo de 2018 recollíase a publicación da Resolución do 26 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o expediente para declarar Ben de Interese Cultural (BIC), coa categoría de xardín histórico, o Parque do Pasatempo de Betanzos, que iniciaba o procedemento para declarar coma Ben de Interese Cultural o parque betanceiro do Pasatempo.

Segundo o procedemento previsto, o prazo máximo para a declaración coma BIC será de 24 meses, a contar desde a publicación desta Resolución que incoa o procedemento. Isto é, alongarase, previsiblemente, ata o 26 de febreiro de 2020. En todo este tempo, o Concello de Betanzos vense negando a realizar as máis elementais tarefas de conservación- e aínda de reposición do mural do Estanque da Gruta que se desprende a principios de febreiro do pasado 2017- argumentando que todas as actuacións se farán da man dos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio en canto se declare, de chegar o caso, BIC o conxunto do xardín histórico. Quere dicir isto que tais



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 17:53
Nº Rexistro: 38443

Data envío: 09/10/2018 17:53:40.539

actuacións elementais de conservación e profilaxe adiaranse, segundo parecer do Concello, até marzo de 2020 cando menos.

Contrasta esta negativa a actuar coa diagnose existente no propio Concello co estado de conservación do parque, pomenorizada nun anteproxecto de actuacións asinado por varios arquitectos e expertos en patrimonio xa no ano 2016, que urxía a actuar sobre problemas de filtracións, humidades, fendas e outras ameazas directas para a conservación do parque, como a estrada de circunvalación que discorre pegada a el ou a pasarela de ferro que descansa sobre o muro que parcialmente se veu abaixo.

Dito proxecto taxaba en torno a 1,3 millóns de euros a rehabilitación do Pasatempo. Desa contía, a Deputación da Coruña comprometeu o pasado 23 de marzo, 598.998,40 euros que se destinarán ás obras de rehabilitación do que Luís Seoane cualificara de "parque enciclopédico". O pasado 25 de setembro o Concello de Betanzos aprobou destinar 200 000 euros do remanente do anterior exercicio a estes mesmos traballos. Os orzamentos municipais prevían 160 000 euros para a redacción do proxecto de rehabilitación, se ben, segundo a Alcaldía, tal gasto non será preciso posto que a Dirección Xeral de Patrimonio tería realizado o compromiso de correr con dita redacción pola súa conta en paralelo á tramitación do expediente incoado de cara á declaración como BIC do Pasatempo.

Así as cousas, de ser certas todas estas cuestións que neste grupo coñecemos por referencias e comunicados de prensa dos gobernos galego e betanceiro, estaríamos en que non habería proxecto para rehabilitar, cando menos, ate o segundo semestre do 2020 e aínda habería que licitar a obra e executar os traballos. Un tempo moi excesivo, ao noso entender, para garantir a conservación axeitada do centenario parque que complica a súa conservación e, desde logo e á vista do acontecido nos últimos anos, complicará a súa rehabilitación.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 17:53
Nº Rexistro: 38443
Data envío: 09/10/2018 17:53:40.539

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

-Tramitar por trámite de urxencia a declaración de ben de interese cultural do Pasatempo, e reducir os prazos á metade para garantir unha pronta protección.

-Incluír fondos suficientes para executar a rehabilitación do Pasatempo a tres bandas, xunto co Concello e a Deputación consonte aos compromisos anunciados por todos estes gobernos.”

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 17:53
Nº Rexistro: 38443

Data envío: 09/10/2018 17:53:40.539

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2018 17:52:34

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2018 17:52:40

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2018 17:52:43

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2018 17:52:45

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2018 17:52:49

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2018 17:52:52

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.6 38578(10/PNP-002860)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas Paula Quintero Araújo e Julia Torregrosa Sañudo e do seu deputado Manuel Lago Peñas, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A situación das traballadoras e traballadores do sector dos produtos do mar con procesos de conxelación e refrixeración está marcada pola precariedade e polos baixos salarios. A pesar de que a industria de transformación de produtos derivados do mar é unha das máis importantes do noso país, que ten o peso maioritario do sector a nivel estatal. Hai que ter presente que o 75% do sector atópase en Galiza e que a súa patronal maioritaria ten sede en Vigo.

O convenio estatal de produtos elaborados do mar con procesos de conxelación e refrixeración, que expirou en 2015, marca unhas condicións que deben mellorarse de inmediato, xa que se trata dun dos máis precarios de todo o ámbito da alimentación, con xornadas laborais superiores ás 40 horas semanais, salarios que superan escasamente os 800 euros mensuais de media e cuns ritmos de produción moi altos.

A precariedade incide especialmente coa extensión de formas de subcontratación que implican recorte de dereitos. Así, o traballo temporal está cada vez máis presente no sector, coa implantación de novas fórmulas abusivas como as empresas multiservizos ou as falsas cooperativas. Nalgúns centros de traballo é



moito maior a porcentaxe de traballadores de ETT que os contratados pola empresa principal.

A negociación do convenio leva anos paralizada, xa que a patronal négase a atender as reivindicacións dos traballadores e traballadoras. Unhas reivindicacións tan básicas coma que se contabilice o tempo de descanso para a comida como tempo de traballo, uns 20 minutos que si se contabilizan noutros convenios colectivos. Resulta inadmisibile tamén que se continúe sen pagar o plus de nocturnidade ás traballadoras que realizan este traballo en horario nocturno.

Polo tipo de actividade, este sector presenta grandes riscos para a saúde e a seguridade das traballadoras, que se ven cada día expostas a unha longa lista de ameazas asociadas a diferentes procesos: uso de ferramentas afiadas, frecuente contacto coa auga na propia actividade do manipulado, traballo en pavimentos e superficies esvaradizas, continua exposición ao frío, ambientes moi húmidos. Agravado todo elo por uns ritmos de traballo a velocidades de vertixe. É por iso que se reivindica un plus de refrixeración.

Ademais, as actuais táboas salariais están por debaixo dos 14.000 euros anuais que fixa o Acordo Estatal de Negociación Colectiva asinado este ano. As traballadoras levan vendo desde o 2010 como vai diminuíndo o seu poder adquisitivo, ao non acadar sequera o incremento do IPC . Perante esta situación, nas negociacións do novo convenio a patronal do sector non ofertaba ningunha cláusula de revisión salarial, senón subidas por debaixo do IPC.

Por todo o anterior preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Actuar no conflito laboral do sector de elaborados do mar a través da Consellería competente, que debe adoptar un papel activo de mediación entre a representación legal das traballadoras e a patronal Conxemar para acadar un



acordo nun convenio colectivo que mellore os salarios, a calidade do emprego, as condicións de traballo, reduza a temporalidade e limite o abuso da subcontratación.

2. Realizar un estudo sobre as condicións laborais neste sector, atendendo especialmente ás situacións de subcontratación e á existencia de riscos laborais con consecuencias na saúde das traballadoras. Ese estudo debería ter necesariamente unha perspectiva de xénero que afondase na existencia dunha fenda salarial e noutras discriminacións por razón de xénero nun sector tan feminizado coma este.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 12:37
Nº Rexistro: 38578
Data envío: 11/10/2018 12:37:46.007



Paula Quinteiro Araújo na data 11/10/2018 12:22:22

Julia Torregrosa Sañudo na data 11/10/2018 12:22:38

José Manuel Lago Peñas na data 11/10/2018 12:22:51

Luis Villares Naveira na data 11/10/2018 12:23:01

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.7 39067(10/PNP-002902)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, antes do remate do curso 2018-2019, do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, publicado no DOG do 6 de febreiro de 2007, regulou o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, substituíndo a normativa anterior que databa, aínda que con modificacións, do ano 1984 xa que este servizo complementario viña regulado polo Decreto 16/1984.

Esa normativa, o Decreto 10/2007, xustificouse sobre a base de que a realidade social demandaba das administracións públicas unha nova regulamentación do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos, especialmente para garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade, en especial entre homes e mulleres, e solidariedade.

Menos dun mes despois, o día 5 de marzo de 2007, publicábase no DOG a Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que desenvolvía o Decreto 10/2007.

O día 13 de agosto de 2013 publícase no DOG o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, que na súa exposición de motivos expón que a consellería, consciente dos cambios socioeconómicos operados na sociedade galega que demanda medidas concretas en materia de conciliación da vida laboral e familiar, pretende pór en marcha un plan en materia de comedores escolares que, co obxectivo de dar resposta á demanda social de prestación do servizo existente, de xeito gradual acade, entre outros, o obxectivo de implicar na xestión do servizo, mediante as fórmulas de cooperación e colaboración previstas no marco xurídico actual, a totalidade de administracións públicas con competencias concorrentes neste eido, os colectivos e asociacións afectados e, en definitiva, as propias familias.



Este novo marco normativo carece do necesario desenvolvemento o que está dando lugar a que se veña aplicando a Orde do 21 de febreiro de 2007 que, como é obvio, corresponde a un marco distinto ao do Decreto 132/2013.

Podemos ver que no artigo 2º do Decreto 10/2007 se establecen as modalidades de prestación do servizo que son distintas ás que se establecen no artigo 2º do Decreto 132/2013 modalidades de xestión do servizo de comedor escolar; así, o artigo 2º.3 do Decreto 10/2007 considera unha excepción a colaboración da Administración educativa con concellos, deputacións ou outras institucións públicas ou privadas, así como con outras entidades ou colectivos, como poden ser as asociación de nais e pais de alumnos e as súas federacións, mentres que o artigo 2º.1.e do Decreto 132/2007 establece como unha modalidade a xestión do comedor escolar por entidades privadas sen ánimo de lucro, responsables da contratación e xestión integral do servizo, autorizadas para o efecto pola consellería competente en materia de educación, como poden ser as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións con que esta, se é o caso, poderá establecer fórmulas de colaboración mutua.

Por parte da Federación das ANPA de centros públicos da provincia de Pontevedra (FANPA) solicitouse autorización para poñer en funcionamento un servizo de comedor escolar no IES Sánchez Cantón de Pontevedra, solicitude que foi denegada sobre a base de que o consello escolar deste centro acordou non aceptar esa proposta.

Simultaneamente, atopámonos con que outro centro, o CEP Campolongo, está disposto a acoller no seu comedor a exalumnos do centro que cursan os estudos de educación secundaria obrigatoria noutros centros, circunstancia prevista pola Administración tanto na Instrución 1/2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2018-2019 (no seu apartado 8º) como na Instrución 2/2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2018-2019 (no seu apartado 9º), sobre o uso do comedor escolar por alumnado procedente doutros centros.

Vemos que con estes dous exemplos a resposta dos centros determina o funcionamento ou non dun servizo que a propia Administración considera esencial.



Con independencia da resolución que no ámbito administrativo ou contencioso-administrativo se produza do recurso interposto pola FANPA ante a resposta negativa da Administración á súa pretensión de poñer en funcionamento un servizo de comedor escolar no IES Sánchez Cantón, atopámonos ante un feito que supón a imposibilidade de dar cumprimento a unha posibilidade contemplada na Lei por inadecuación do marco normativo de desenvolvemento, ao aplicar unha normativa que contempla como excepción algo que xa non o é.

Parece pois necesario, a xuízo deste grupo parlamentario, que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional regule o desenvolvemento do Decreto 132/2013 para que non se produzan situacións como a descrita en Pontevedra. Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a desenvolver, antes do remate do curso 2018/2019, o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 13:39
Nº Rexistro: 39067
Data envío: 18/10/2018 13:39:10.715

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/10/2018 13:25:58

María de la Concepción Burgo López na data 18/10/2018 13:26:09

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/10/2018 13:26:20

María Luisa Pierres López na data 18/10/2018 13:26:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2018 13:26:35

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.8 39126(10/PNP-002913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Otero Rodríguez, Abel Losada Alvarez, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A empresa Alcoa vén de anunciar o día 17 de outubro o peche das súas plantas de A Coruña e Avilés. Esta medida afectará a 369 persoas traballadoras en Galicia. As razóns esgrimidas pola empresa céntranse nas perdas rexistradas no proceso produtivo. Iniciarán un procedemento de despido colectivo, nas súas plantas, en teoría menos produtivas, debido a problemas estruturais intrínsecos.

A empresa comunicou a súa decisión á Xunta de Galicia e aos sindicatos, e xustifica a súa decisión por razóns técnicas e de custes de produción, sendo o prezo da materia prima e da enerxía os mais relevantes, ademais dunha tecnoloxía menos eficiente.

Ante esta grave situación, os socialistas consideramos que fai falla o compromiso de todos os responsables públicos, do goberno de España, pero tamén dunha Xunta ausente en política industrial, que permita promover unha senda de futuro que permita manter a produción e o emprego na Coruña.

Lamentablemente, non é a primeira vez que a empresa anuncia o peche destas instalacións, xa a finais de 2014, presentou un expediente de regulación de emprego (ERE) de extinción para os cerca de 800 persoas traballadoras da Coruña e Avilés. Despois, en 2016, a multinacional ameazou con vender as súas fábricas. Lamentablemente os gobernos non foron quen nestes dous momentos de dar unha resposta satisfactoria as pretensións da empresa.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar todas as xestións pertinentes de cara evitar o peche dos centros de produción que Alcoa ten na nosa Comunidade Autónoma, así como o mantemento dos postos de traballo que a empresa ten en Galicia.

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez
Abel Losada Álvarez
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
José Manuel Pérez Seco
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 18/10/2018 18:04:01

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/10/2018 18:04:08

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2018 18:04:14

Noela Blanco Rodríguez na data 18/10/2018 18:04:20

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/10/2018 18:04:24

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 18:05
Nº Rexistro: 39126
Data envío: 18/10/2018 18:05:06.091

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2018 18:04:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2018 18:04:33

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 35115(10/INT-001170)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda
protexida

Publicación da iniciativa, 352, 05.09.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte INTERPELACIÓN.

Os datos achegados polo INE sobre transmisións de dereitos de propiedade, nos que se recollen os datos acumulados do primeiro semestre de 2018, que reflicten a porcentaxe de transmisións correspondentes á vivenda protexida, deixan en evidencia os efectos altamente negativos da política nos últimos anos sobre a vivenda e, singularmente, sobre a vivenda de protección. Galiza é a comunidade do Estado, agás as CCAA insulares, que presenta unha menor porcentaxe de vivenda protexida.

Táboa 1.

Estadística de Transmisións de vivenda. Porcentaxe de vivenda protexida	
Resultados por Comunidades Autónomas. Datos primeiro semestre 2018	
	% Vivenda protexida
Andalucía	9,98
Aragón	14,43
Asturias	17,97
Balears	2,42
Canarias	4,27
Cantabria	8,89
Castela-León	14,13
Castela-Mancha	7,52
Catalunya	10,31
Com. Valenciana	10,94
Galiza	4,78
Madrid	7,89
Murcia	11,18
Nafarroa	14,4
Euzkadi	9,88
Rioja	10,42
Estado	9,8



A política liberalizadora do mercado do solo e da vivenda, a rebaixa na porcentaxe de edificabilidade destinada a Vivenda Protexida, plasmada na Lei 8/2012 de vivenda de Galiza, o abandono do IGVS das políticas de construción de vivenda protexida e a baixísima execución, ano tras ano, dos orzamentos destinados a vivenda, tradúcense nun mercado no que pouco máis do 4% do total de vivendas son protexidas, menos da metade da media estatal.

E isto non é algo accidental, casual ou puntual, senón que a evolución estatística demostra e evidencia a decisión da Xunta e do Partido Popular de acabar coa vivenda protexida. Os datos relativos ao número de vivendas iniciadas e a súa porcentaxe sobre o total, no período de goberno de Feijóo son dabondo elocuentes.

Táboa 2

VIVENDA PROTEXIDA E LIBRE - VIVENDAS INICIADAS					
Vivendas iniciadas					
España	Total	Protexidas	Libres	% Protexida	
2009	159286	79056	80230	49,63	
2010	123616	60526	63090	48,96	
2011	86252	34296	51956	39,76	
2012	52060	17480	34580	33,58	
2013	35721	6489	29232	18,17	
2014	38018	5898	32120	15,51	
2015	50565	5306	45259	10,49	
2016	64766	6787	57979	10,48	
Vivendas iniciadas					
GALIZA	Total	Protexidas	Libres	% Protexida	
2009	7397	1146	6251	15,49	
2010	7037	2965	4072	42,13	
2011	4395	942	3453	21,43	
2012	3053	438	2615	14,35	
2013	1831	107	1724	5,84	
2014	1521	141	1380	9,27	
2015	1677	5	1672	0,30	
2016	2147	4	2143	0,19	



En 2015 e 2016 iniciáronse en Galiza 5 e 4 vivendas respectivamente, que representaron o 0,30% e 0,19 % do total das iniciadas, entre 35 e 50 veces menos que na media do Estado, onde se iniciou neses mesmos anos un 10,49 % e un 10,48% de vivenda protexida sobre o total.

Son unhas cifras escandalosas que se suman a unha paupérrima construción de vivenda de promoción pública por parte da Xunta de Galicia, unha política de abandono que se fixo efectiva durante os peores anos da crise, onde houbo miles de desafuzamentos e cando a xente expulsada dos seus fogares que non tivo o apoio da Xunta e dun solvente parque público de vivenda.

Hai que lembrar que, en 2017, volveron incrementarse, segundo os datos do CXPX, os desafuzamentos en Galiza e segue habendo grandes dificultade de acceso a unha vivenda para amplas capas da poboación. Unha situación de desprotección dun dereito básico «que non se solucionará si non se mudan as políticas que vén mantendo a Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- 1) Como valora o Goberno galego a estatística sobre vivenda protexida en Galiza dende o ano 2009?
- 2) Contempla algún cambio substancial nas políticas de vivenda protexida en Galiza?
- 3) Considera que a rebaixa da reserva de solo que permitiu a Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza tivo efectos positivos?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 12:56
Nº Rexistro: 35115
Data envío: 27/08/2018 12:56:32.687



4) Pensa modificar este aspecto para cumprir cando menos coas porcentaxes establecidas na Lei estatal de vivenda , RDL 7/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, do 30% como mínimo?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/08/2018 12:55:37

Marcos Cal Ogando na data 27/08/2018 12:55:44

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 36087(10/INT-001202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto en Galicia da suba constante do prezo da electricidade

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:44
Nº Rexistro: 36087
Data envío: 06/09/2018 13:44:33.337

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. Máis aínda, nun contexto social preocupante de aumento da pobreza, o acceso á enerxía, particularmente á eléctrica, é unha necesidade de primeira orde que está a ser impedida polo seu alto custo.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endógeno dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico. Tamén no carbón, acrecentado posteriormente o desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade. Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:44
Nº Rexistro: 36087

Data envío: 06/09/2018 13:44:33.337

oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.

Máis aínda, por riba de non beneficiármonos do papel produtor, as e os galegos soportarán as consecuencias dos suplementos autonómicos no incremento das súas facturas, feito que demostra a falsidade sostida por todas as forzas estatais de que no Estado existe unha única factura. A tal esperpento sumase o récord histórico de prezo da electricidade no ano 2018.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que evite as dificultades as persoas con menor capacidade económica, contribúa á competencia empresarial e actúe de freo da desindustrialización. Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e posibilitar o seu desenvolvemento económico e industrial.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Canto máis ten que subir o prezo do recibo da luz en Galiza para que o goberno galego asuma a necesidade dunha tarifa eléctrica galega que teña en conta a nosa condición de produtores?

-Segue a soste o goberno galego que hai unha factura única no Estado español?

-Como avalía o impacto da suba constante da electricidade nas economías domésticas galegas?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:44
Nº Rexistro: 36087
Data envío: 06/09/2018 13:44:33.337

-Como avalía o impacto da suba constante da electricidade na pequena e mediana empresa galegas?

-Como avalía o impacto da suba constante da electricidade nas grande industria?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 13:44:06

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 13:44:11

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 13:44:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 13:44:14



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:44
Nº Rexistro: 36087

Data envío: 06/09/2018 13:44:33.337

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 13:44:15

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 13:44:16

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 38782(10/INT-001283)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa Rede
galega de atención temperá

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Atención Temperá está universalmente recoñecida como un conxunto de accións que se orientan cara á prevención e a intervención asistencial dos nenos e nenas que se atopan en situacións de risco ou que presentan algunha discapacidade. Pero, á vez, é un conxunto de intervencións co que se actúa para poder garantir as condicións e a resposta familiar ante estas circunstancias nas diferentes contornas vitais.

En maio de 2000 publicábase o Libro Branco da Atención Temperá, o que supoñía que por primeira vez no noso país se chegara a un consenso científico interdisciplinar das diversas especialidades que conflúen neste campo, coa representación das diferentes Comunidades Autónomas e dos diferentes sectores que inciden no campo da prevención, marcando así un fito histórico. Este é un instrumento rigoroso e indispensable para a comprensión e o desenvolvemento da Atención Temperá, que ademais de contribuír a reforzar o consenso profesional sobre ela, propiciou unha importante expansión que se concretou na posta en marcha de grupos de traballo intersectoriais, e no deseño de plans específicos de Atención Temperá en numerosas comunidades autónomas, incrementáronse os recursos dedicados á intervención temperá, servindo de referencia para a realización de instrumentos técnicos, así como para establecer os plans de formación e especialización profesional.

O marco legal regulatorio en Galicia é, tendo como base legal a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, así como un protocolo de coordinación entre os servizos sanitarios, educativos e sociais asinado no ano 2014.

Sen embargo o escaso esforzo inversor e normativo destes últimos anos, segundo os datos actualizados de recursos dedicados á Atención Temperá de proximidade para nenos e nenas de 0 a 6 anos con problemas educativos, sinala na actualidade unha situación comparativa moi desfavorable para a nosa comunidade autónoma.

Estas carencias teñen reflexo na escasa extensión da rede, xa que trinta anos despois de que se creara o primeiro servizo de proximidade, de 314 concellos, tan so 92 contan cos servizos de Atención Temperá que marca a normativa do ano 2013, ademais a maioría non amosan unha planificación nin a medio nin a longo prazo. Así, por exemplo, os últimos 6 servizos creados veñen de ser subvencionados por un período de dous meses (do 1 de setembro a 31 de outubro de 2018), e o resto funciona con subvencións periódicas por meses (a través do programa operativo do FSE 2014-2020), ou por convenio renovable anualmente (AGAT), sen que a día de hoxe coñezamos algunha previsión de futuro por parte da Xunta de Galicia. Ademais as carencias no desenvolvemento normativo, producen que a rede galega de atención temperá aínda non teña un sistema regulador das instalacións e dotación equilibrada dos equipos conforme a unha planificación rigorosa de necesidades. Desde xeito esta á suceder que un mesmo número de profesionais (o mínimo de 3 que forma cada equipo) atenden por igual unha comarca de 10.000 que unha de 100.000 habitantes.

Esta orde debería tamén dotar dun soporte informático unificado aos servizos. Polo contrario a normativa de subvencións estableceu condicións absurdas para o trámite e xustificación da actividade dos servizos, obrigando aos profesionais a dedicar unha parte do seu tempo a unha tramitación administrativa que en moitas ocasións resulta excesiva e innecesaria.

Ao mesmo tempo, a Comisión Técnica e o Consello Autonómico de Atención Temperá, creados polo Decreto de 2013, están sufrindo unha preocupante inactividade durante estes últimos anos, cando a complexidade e implicación na Atención Temperá dos servizos sociais, educativos e sanitarios debora dar lugar a unha dinamización e coordinación destes organismos administrativos, así como a desaparición na EGAP do Plan de formación en Atención Temperá (despois das edicións 2015 e 2016), e a falla de continuidade da Axenda de Atención Temperá 2015-2017, con moitos dos seus obxectivos e liñas de actuación a día de hoxe pendentes de cumprimento.

Os trastornos no desenvolvemento teñen gran transcendencia individual, familiar e social, polo que a responsabilidade da Xunta de Galicia debora ser a de ofrecer unha resposta que evite, no posible, as discriminacións e limitacións subseguintes aos problemas que sofren os nenos e nenas con discapacidade ou con risco de padecelas e as súas familias. O compromiso da nosa sociedade coa protección á infancia, especialmente con aqueles grupos que están en risco de sufrir alteracións no seu desenvolvemento, ademais de ser un expoñente inequívoco de progreso e de solidariedade, ten que involucrar a todos os sectores sociais.



Garántese deste xeito a compensación das desigualdades individuais e o dereito para alcanzar un desenvolvemento evolutivo o máis normalizado posible e unha vida plena e independente.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do funcionamento da rede galega de Atención Temperá?
2. Considera o Goberno galego que o grado de cobertura da poboación galega infantil desta rede é suficiente na actualidade?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar a dotación orzamentaria dedicada á Atención Temperá?
4. Cando vai o Goberno galego a desenvolver o Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá?
5. Considera a Xunta de Galicia que os trámites administrativos para a concesión desta prestación son excesivos?
6. En caso afirmativo, que medidas ten previsto poñer en marcha para reducir a excesiva burocratización existente nestes servizos?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2018 09:28:25

Julio Torrado Quintela na data 16/10/2018 09:28:31

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 39482(10/POPX-000112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as propostas que vai impulsar a Xunta de Galicia co fin de garantir un marco estable para as empresas electrointensivas e evitar o peche de Alcoa



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2018 18:25
Nº Rexistro: 39482
Data envío: 29/10/2018 18:25:35.820

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que propostas vai impulsar a Xunta de Galiza coa finalidade de garantir un marco estábel para as empresas electrointensivas e evitar o peche de Alcoa?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 29/10/2018 18:20:15

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 39483(10/POPX-000113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade do
emprego que se crea en Galicia



A Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que opinión lle merece a calidade do emprego que se crea en Galicia?

Pazo do Parlamento, 29 de outubro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/10/2018 16:27:14

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 39484(10/POPX-000114)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego
para reducir a desigualdade económica en Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. Presidente, que vai facer para reducir a desigualdade económica en Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 29/10/2018 17:04:01

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 39072(10/POP-004572)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a solicitude da Fiscalía de Ourense para a citación
como imputados de dous cargos da Consellería de Facenda por
un presunto delito de acoso inmobiliario

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O mobbing inmobiliario consiste nun conxunto de prácticas de acoso levadas a cabo por propietarios de inmobles, con ou sen a mediación de sociedades inmobiliarias, cuxo destinatario é o lexítimo posuidor deste e o obxectivo das cales é que o suxeito afectado abandone o seu domicilio e renuncie a calquera dereito que lle puidese corresponder en virtude do seu título posesorio. Así, é frecuente que as persoas afectadas por ditas prácticas vexan como os propietarios dos inmobles, ademais de negarse a realizar as obras de conservación do edificio necesarias, practiquen cortes nas subministracións de auga, electricidade ou gas, produzan avarías intencionadas nas instalacións comúns dos edificios, provoquen ruídos nocturnos ou inundacións, e mesmo se neguen a recibir o pago das rendas arrendaticias para poder demandarlles por falta de pagamento e instar ao desafuzamento. Este fenómeno aumentou nos últimos anos, e afecta especialmente aos inquilinos de idade avanzada que viven en inmobles de renda antiga a prezos moi baixos.

Na Reforma do Código penal do ano 2010 inclúese un novo tipo penal destinado a sancionar aquelas condutas de acoso dos propietarios de vivendas respecto aos seus inquilinos, co claro obxectivo de conseguir que estes últimos acaben abandonando o domicilio no que vivían como arrendatarios. O citado precepto situouse entre os delitos contra a integridade moral, engadíndose un terceiro parágrafo ao apartado 1 do artigo 173 do Código Penal, polo que se castigará con pena de prisión de 6 meses a 2 anos a quen, de forma reiterada, leve a cabo actos hostís ou humillantes que, sen chegar a constituír trato degradante, teñan por obxecto impedir o lexítimo goce da vivenda. O proxecto de Lei Orgánica de reforma do Código penal do 15 de xaneiro de 2007, tamén contiña disposicións sobre esta materia. Así, no artigo 173 CP incorporábase unha nova conduta destinada a castigar situacións de acoso no marco de relacións contractuais. A pretendida norma quedou redactada da seguinte maneira: “Coa mesma pena serán castigados os que, no marco dunha relación laboral, realicen contra outro de forma reiterada actos de grave acoso psicolóxico ou hostilidade que naturalmente xeren na vítima sentimentos de humillación e os que, no marco de calquera outra relación contractual, provoquen situacións gravemente ofensivas na dignidade

moral da outra parte, mediante a alteración sensible das condicións de goce dos dereitos derivados da mesma”.

Recentemente coñeciamos a través dos medios de comunicación, unha querela asinada polo Fiscal xefe de Ourense que ten como destinatarios á Secretaria Xeral Técnica e ao Subdirector de Patrimonio da Consellería de Facenda, a señora Martín e o señor Moure, por presuntas medidas de presión non lexítimas coas que a Xunta de Galicia tentou desalojar á inquilina dun edificio público de Ourense, que o ocupa dende o ano 1963.

A querela relata como no edificio de avenida da Habana, 1, en Ourense, unha das dúas únicas vivendas habitadas ocupábaa ata xullo unha muller “de moi avanzada idade”, que no verán sufriu unha caída, rompeu a cadeira e dende entón viuse obrigada a abandonar o seu domicilio, sen ascensor dende xaneiro do 2018. O acoso incluíu, segundo consta na querela, “a supresión de maneira total do mantemento de todas as zonas comúns do edificio, deixando de realizar as limpeza e reparacións, non substituíndose a iluminación e non realizando o mantemento dos servizos tales como o de ascensor”. A Fiscalía considera que os cargos da Consellería de Facenda se “extralimitaron nas súas funcións públicas” nas súas accións para lograr o desaloxo, pois, como recoñece a querela, “os gastos de mantemento do edificio eran dun importe notablemente superior ao importe e as rendas”. A prexudicada por esta acción subrogouse ao arrendamento da vivenda en xaneiro de 1994, polo falecemento do seu esposo, que en 1963 subscribira o contrato coa entón titular do inmovible, a Cámara de Comercio de Ourense. O edificio pasou posteriormente á Xunta e no 2012 foi cando a administración tratou de recuperar o edificio.

Por estes feitos, o Fiscal solicita que se que cite como imputados aos dous cargos da Consellería de Facenda, pide ademais, que a efectos de responsabilidade civil, se esixa á Xunta de Galicia que achegue como garantía 25.000 euros polos gastos pasados e futuros ocasionados á muller de avanzada idade.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ante a solicitude da Fiscalía de Ourense de que se cite como imputados á Secretaria Xeral Técnica e ao Subdirector de Patrimonio da Consellería de Facenda, por un presunto delito de acoso inmobiliario, que medidas ten previsto tomar a Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Abel Losada Álvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 18/10/2018 13:56:00

Raúl Fernández Fernández na data 18/10/2018 13:56:06

María Luisa Pierres López na data 18/10/2018 13:56:10

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/10/2018 13:56:15

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/10/2018 13:56:17

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 38963(10/POP-004560)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da
execución do Plan director para o proxecto de saneamento
integral do concello de Lalín

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Hai escasamente 15 días, o portavoz do PP do Concello de Lalín (na oposición) era recibido, medios de comunicación incluídos, polo director de Augas de Galicia. O tema a tratar foi “a miña moción sobre a mellora do saneamento e depuración en Lalín”, moción que xa saíra adiante por maioría. O curioso é que este portavoz da oposición deu persoalmente conta a Augas de Galicia incluso antes de que o propio Concello fose o que remitise a dita moción. E se xa é paradigmático que se reciba aos catro ventos a un portavoz da oposición cando dende o Goberno municipal estiveron meses traballando cos técnicos de Augas de Galicia, aínda o é máis que o director do ente dixese que “se terá en conta a moción e que un plan director nunca sobra e fai falla para futuros proxectos, como un saneamento integral” (o saneamento era a proposta estrela do último programa para as eleccións municipais do PP en Lalín). Tamén é certo que dende hai máis dun ano o Concello non ten noticia algunha sobre o estado de execución do plan director.

Cómpre dicir que as actuacións que se aprobaron na moción realizaranse con fondos Feder 2014-2020, na contía de 4,5 millóns de euros xa adxudicados ao Concello e que existe o risco de perder pola pasividade de Augas de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto o Goberno galego rematar a execución do plan director para o proxecto do saneamento integral de Lalín?

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 16:59
Nº Rexistro: 38963
Data envío: 17/10/2018 16:59:06.276

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/10/2018 16:56:36

María Luisa Pierres López na data 17/10/2018 16:56:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/10/2018 16:56:46

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 36765(10/POP-004341)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coa venda de
Itínere

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 17:44
Nº Rexistro: 36765
Data envío: 13/09/2018 17:44:49.811

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á venda de Itínere.

A privatización da AP-9 polo goberno de Aznar, co apoio da xunta de Galiza no seu momento, foi unha grande estafa para este país. Esta operación converteu a autoestrada máis importante de Galiza nun obxecto especulativo de fondos voitres e piratas financeiros e significou alongar as concesións e suba das peaxes, convertendo a AP-9 dunha das autoestradas máis caras de Europa e sabreando os petos dos usuarios e usuarias.

Nos últimos días estamos a asistir a un exemplo das consecuencias desta privatización, cunha intensificación da loita polo control de Itínere, concesionaria da AP-9, que enfronta a Globalvía e á alianza entre Corsair e APG. Recentemente, o fondo holandés de pensións APG anunciou a compra de Gateway Infrastructure Investments, da participación do 5,8% de Liberbank, e do 15,5 % de Sacyr, operacións aínda sen formalizar. Posteriormente, APG e Corsair informaron de que acordaran a compra e exercitado dereitos de compra preferente para acadar o 59,2 % do accionariado de Itínere.

Doutra banda, a firma estatal Globalvia estima que ela sería a nova dona, pois a súa oferta de compra conxunta do 55,6 % de Itínere a Abanca, Sacyr e Kutxabank non

pode ser contrarrestada por APG e Corsair con outra proposta a algún dos tres socios, se non que so pode ser conxunta para os tres. Así, Globalvia segue tratando de facer valer esta oferta de compra, dando por no válida a operación dos fondos de inversión. Ao tempo, fontes xornalísticas tamén informan de que Globalvia tamén comunicou que estaría disposta a acadar un acordo con APG para xestionar la AP-9 de xeito conxunto.

Trátase de diferentes operacións, exercicio de dereitos de compra preferentes, alianzas, posíbeis acordos, etc., que amosan un futuro incerto sobre a propiedade de Itinere, e xa que logo, sobre Audasa e a AP-9. Mesmo trátase de operacións que poderían ter a súa resolución no xulgado. Deste xeito, o futuro dunha infraestrutura esencial para Galiza, vertebradora do noso territorio e que comunica a cinco das sete cidades máis poboadas de Galiza dirímese entre un ou outro fondo de investimento, e mesmo tendo en conta a complexidade das operacións e as diferentes interpretacións, a propiedade de Itínere podería decidirse pola vía xudicial.

Estes movementos son de claro carácter especulativo e teñen a única finalidade de obter beneficios a curto prazo, ignorando a función social e económica da AP-9 como elemento central nas comunicacións terrestres galegas e a súa función vertebradora do país.

Dentro destes movementos, compre salientar o papel de Abanca, polo feito de que se trata dunha entidade que nace da privatización de Novagalicia Banco (NCG), na cal se destinaron 8.981 millóns de euros de fondos públicos no seu saneamento. Hai que lembrar que o prezo oficial de venda foi de 1.003 millóns de euros, pero se descontamos o custo das coberturas públicas das que se beneficiou o comprador e os créditos fiscais, comprobamos que non só non se recuperou un só euro do destinado ao seu saneamento, senón que se pagou por colocala.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 17:44
Nº Rexistro: 36765

Data envío: 13/09/2018 17:44:49.811

Abanca levou a cabo una estratexia de desprendemento da súa carteira industrial. Así, dende o ano 2014 desfixose de participacións en empresas como Tavex, Adolfo Domínguez, Inversora de Hoteles Vacacionales, Galega de Economía Social, Sistemas Energéticos de Ortegal, así como da súa participación en R. o último episodio desta estratexia é a venda –aínda non formalizada- da súa participación en Itínere a Globalvía.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a operación especulativa que se produce en torno á AP-9?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 17:44
Nº Rexistro: 36765
Data envío: 13/09/2018 17:44:49.811

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2018 17:42:53

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2018 17:42:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2018 17:42:59

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2018 17:43:00

Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2018 17:43:02

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2018 17:43:03

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.4 39471(10/PUP-000197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, en Pontevedra, no concurso de traslados de 2016



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2018 17:05
Nº Rexistro: 39471
Data envío: 29/10/2018 17:05:07.504

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, sobre a anulación por nepotismo dunha praza adxudicada pola Consellaría de Educación no concurso xeral de traslados de 2016.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola gravidade dos feitos probados na sentenza do TSXG que anula a adxudicación dunha praza creada ad-hoc para unha familiar da Secretaria Xeral de Igualdade.

Exposición de motivos

O 25 de outubro de 2018 coñecemos a sentenza ditada polo TSXG arredor da denuncia presentada pola CIG-Ensino co gallo do concurso xeral de traslados que tivo lugar en 2016.

A Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Educación, adxudicou unha praza a unha docente –anterior directora do MUPEGA-- para que impartise docencia na Escola de Restauración de Bens Culturais de Pontevedra.

Previamente, en 2014, xa intentara incorporar de maneira irregular a mesma persoa a unha listaxe de interinos cando era funcionaria de carreira en Asturias. A administración fracasou, naquela altura, debido ás queixas presentadas por persoas prexudicadas con este proceso mais nomeouna directora do Museo Pedagóxico de Galiza, cargo de libre designación (ORDE do 13 de abril de 2015, DOG nº77).

De acordo coa sentenza do TSXG a praza adxudicada na Escola de Restauración foi creada ‘ad homine’ no que considera unha “torcida actuación” da administración ao crear especificamente unha praza dunha especialidade que non se imparte neste centro de ensino nin en Galiza (conservación e restauración de documento gráfico) e que tampuco foi reclamada pola Escola. O único obxectivo, pois, ao que respondeu a decisión foi o de colocar a beneficiaria.

Xa en 2016 a Valedora do pobo, diante da queixa presentada pola CIG-Ensino, sinalou na súa resolución que “existen indicios suficientes para cuestionar a legalidade dos feitos, o que convertería o acto administrativo que constitúe a adxudicación desta praza nun acto arbitrario”.

Para o Grupo parlamentar do BNG os feitos probados pola sentenza son gravísimos e describen un claro caso de nepotismo ou enchufismo, en definitiva, unha cacicada. Desde que se fixo público este caso no ano 2016 tanto o persoal da Escola de Restauración como a central sindical que interpuxo o recurso denuncian que a persoa adxudicataria posúe vínculos familiares coa Secretaria Xeral de Igualdade e que non era esta a primeira ocasión en que tentaron colocala no centro de ensino o que evidenciaría unha vontade clara de beneficiala valéndose da administración pública e do poder que o executivo posúe.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2018 17:05
Nº Rexistro: 39471
Data envío: 29/10/2018 17:05:07.504

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e deputados asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

A sentenza sinala a relación familiar da Secretaria Xeral de Igualdade e a persoa que resultou adxudicataria da praza de maneira ilegal, pensa adoptar o Goberno galego algunha medida ao respecto?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2018 17:01:22

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/10/2018 17:01:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2018 17:05
Nº Rexistro: 39471

Data envío: 29/10/2018 17:05:07.504

Noa Presas Bergantiños na data 29/10/2018 17:01:32

Xosé Luis Bará Torres na data 29/10/2018 17:01:34

María Montserrat Prado Cores na data 29/10/2018 17:01:48

Ana Pontón Mondelo na data 29/10/2018 17:01:54

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.5 39480(10/PUP-000199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 6 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, en Pontevedra, no concurso de traslados de 2016



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, M^a Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa reposta **oral** en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada pola necesidade de que o Goberno galego dea conta das medidas que tomará ao respecto dun sentenza condenatoria á Xunta de Galicia e que ten provocado gran alarma social, pola alta responsabilidade de transparencia e de trato igualitario que se lle demanda e presupón á principal Administración que xestiona os problemas e necesidades de todas as galegas e galegos.

Un asunto que o pasado xoves 25 de outubro, e trala sentenza condenatoria do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, deixaba en evidencia o procedemento totalmente irregular levado a cabo pola Consellería de Educación para favorecer a incorporación dunha docente, emparentada coa secretaria xeral de Igualdade, coa creación dunha praza á súa medida, na Escuela de Restauración de Bens Culturais de Galicia e no que se cualifica, na propia sentenza, como de “torcida actuación” por parte do Goberno autonómico.

Alarmante é a insistencia ademais no tempo por parte do executivo galego en defender a postura da consellería por “integrar” a esta persoa na Función Pública de Galicia creando unha praza de conservación e restauración de documento gráfico, unha especialidade que non se imparte nesta comunidade e que non era necesaria na Escuela de Restauración de Bens Culturais de Galicia.

Unha actuación que foi denunciada polos sindicatos ante a propia Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como ante a Valedora do Pobo, non obtendo resposta por parte de ningunha das dúas institucións.

A impunidade coa que se ten actuado e a constatación por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desta sentenza condenatoria levan as deputadas e



os deputados que asinan a formular a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que responsabilidades políticas vai a asumir a Consellería de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza trala sentenza condenatoria do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) na que se anula a praza docente outorgada a unha parente da secretaria xeral de Igualdade?

Pazo do Parlamento, 29 de outubro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
M^a Dolores Toja Suárez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 29/10/2018 17:39:05

María Dolores Toja Suárez na data 29/10/2018 17:39:11

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/10/2018 17:39:17

María de la Concepción Burgo López na data 29/10/2018 17:39:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/10/2018 17:39:27

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/10/2018 17:39:33

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/10/2018 17:39:38

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.6 36414(10/POP-004310)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xuntanza coas principais plataformas web de reservas de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a aplicación do Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, no que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, a comunidade ten a competencia exclusiva na promoción e ordenación do turismo. Nese senso cabe entender a necesidade dunha actuación decisiva do goberno galego coa fin de ordenar e garantir a viabilidade deste sector chave da economía galega. Así como na necesidade de garantir a convivencia axeitada nos nosos pobos e cidades.

Neste senso, un dos problemas que máis preocupan nos últimos tempos é o da proliferación de vivendas turísticas ilegais. A problemática asociada a esta actividade ilegal é numerosa. Dunha banda cómpre falar do diñeiro furtado ás arcas públicas toda vez que se tratan de negocios invisibles. Mais tamén se relaciona coa expulsión da poboación autóctona, a carestía dos prezos de alugueiro, e dos servizos, en definitiva, a substitución do uso residencial de certos lugares por un uso turístico pouco sostible.

Ano e medio despois da aprobación do Decreto 12/2017 de 26 de xaneiro, no que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia semella que este



foi insuficiente para abordar a problemática da proliferación de pisos turísticos ilegais.

Así son moitas, máis de 3000 só na cidade de Santiago de Compostela, as vivendas ilegais que se ofertan cada día neste país.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Tivo o goberno da Xunta algunha xuntanza coas principais plataformas web de reservas?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2018 16:14:40

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.7 38948(10/POP-004557)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rey Varela, José Manuel e 10 máis

Sobre o estado de tramitación do expediente para a
declaración de Ferrol como cidade Patrimonio da Humanidade

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38948
Data envío: 17/10/2018 14:20:41.479

A Mesa do Parlamento

José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Ferrol ten sido a porta de entrada do Academicismo en Galicia, constituíndo un caso especial da evolución e presenza da Ilustración en Galicia, que entrou da man dos militares e enxeñeiros chegados á súa base naval desde comezos de século XVII en que se convirte na Capital do Departamento Marítimo do Norte. Isto foi o punto de partida para o deseño e construción do Arsenal de Ferrol, o establecemento máis importante de construción naval do século XVIII en España.

Ferrol da Ilustración é un conxunto patrimonial histórico, produto do seu deseño e construción novo. Este conxunto pódese dividir en tres unidades funcionais que se corresponden co esquema da cidade portuaria ideal do clasicismo, ou sexa a do porto-arsenal, cidade residencial e defensas.

No ano 2007, a candidatura do Ferrol da Ilustración incluíuse na lista indicativa de España que se presenta ante a UNESCO.

O Concello asinou no 2013 coa Confederación de Empresarios de Ferrolterra (COFER) un convenio de colaboración para a realización de diversas actividades e tarefas para conseguir o recoñecemento de Ferrol Patrimonio da Humanidade, presentando no ano 2015 o Expediente Inicial ante a D.X. Patrimonio.

Có cambio de corporación, en xaneiro do 2018 o Concello de Ferrol presentou á Xunta de Galicia un novo expediente para o recoñecemento de Cidade Patrimonio da Humanidade.

Por todo o exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Como se atopa o expediente para a declaración de Ferrol como cidade Patrimonio da Humanidade?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Rey Varela na data 17/10/2018 14:18:25

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/10/2018 14:18:40

Diego Calvo Pouso na data 17/10/2018 14:18:50

María Antón Vilasánchez na data 17/10/2018 14:18:58

Teresa Egerique Mosquera na data 17/10/2018 14:19:05

César Manuel Fernández Gil na data 17/10/2018 14:19:15

Carlos Gómez Salgado na data 17/10/2018 14:19:18

María Isabel Novo Fariña na data 17/10/2018 14:19:35

Antonio Mouriño Villar na data 17/10/2018 14:19:44

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/10/2018 14:19:52

Martín Fernández Prado na data 17/10/2018 14:19:55

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.8 39479(10/PUP-000198)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a situación de precariedade dos servizos de atención á
drogodependencia, en especial no que atinxe as mulleres

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Antón Sanchez García, Carmen Santos Queiruga, Flora Miranda Pena, Marcos Cal Ogando, Pancho Casal Vidal, Luca Chao Perez, Anxeles Cuña Bóveda, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta **oral en Pleno, con carácter urxente.**

Xustificación da Urxencia.

A situación de Proxecto Home, entidade destinada ao tratamento integral das persoas drogodependentes, é insostible para o persoal e para as persoas usuarias.

Téñense producido irregularidades laborais, dende deixar de pagar salarios nas condicións establecidas no convenio, a modificar de xeito unilateral horarios, pechar sedes, destituír persoas coordinadoras ou trasladar forzosamente ao persoal.

As represalias laborais por parte da xerencia afecta ás persoas que precisan tratamentos para a drogadicción, xa que se pechan centros (Lugo e Pontevedra) e non se están cubrindo as prazas dispoñibles nas unidades existentes, por orde da xerencia. Isto é gravísimo e afecta, sobre todo, ás mulleres, porque Cernadas é a única comunidade terapéutica en Galiza para internamento de mulleres, que poden convivir coas súas crianzas.



Ademais, en canto a formación e renovación de terapias, Galiza estase a quedar atrasada porque non se aceptan pola fundación as propostas de mellora realizadas por un persoal que apenas ten posibilidades de conciliación e que ten salarios moi baixos.

A situación laboral é intolerable, con horas de máis e salarios de menos, con represalias por esixir dereitos laborais e melloras de atención ás persoas usuarias.

O tratamento e atención ás persoas drogodependentes debe ser dispensado pola Xunta, que non pode permitir esta situación: estamos ante un problema social e a Administración non é quen de atendelo.

Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter Urxente:**

Ata cando vai tolerar a situación precaria dos servizos de atención á drogodependencia, especialmente no que ten que ver coas mulleres?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/10/2018 17:52:51



Luis Villares Naveira na data 29/10/2018 17:52:58

Flora María Miranda Pena na data 29/10/2018 17:53:07

Antón Sánchez García na data 29/10/2018 17:53:13

Carmen Santos Queiruga na data 29/10/2018 17:53:20

Marcos Cal Ogando na data 29/10/2018 17:53:29

David Rodríguez Estévez na data 29/10/2018 17:53:34

José Manuel Lago Peñas na data 29/10/2018 17:53:40

Francisco Casal Vidal na data 29/10/2018 17:53:48

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 29/10/2018 17:53:55

Eva Solla Fernández na data 29/10/2018 17:53:58

Luca Chao Pérez na data 29/10/2018 17:54:00

Paula Quinteiro Araújo na data 29/10/2018 17:54:04

Julía Torregrosa Sañudo na data 29/10/2018 17:54:07

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 06.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.9 37100(10/POP-004379)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 6 máis

Sobre a evolución que presenta a atención á dependencia en Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, 362, 26.09.2018

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Aurelio Nuñez Centeno, Marian García Miguez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira e Soraya Salorio Porral, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

O conselleiro de Política Social presentou o pasado 7 de agosto o Plan de Apoio á Dependencia que supón un novo impulso neste ámbito e que permitirá superar as 60.000 persoas con atención antes de que remate o presente ano.

En concreto, esta nova proposta de actuación, que terá aparelado un investimento de 21 millóns de euros, fará posible que a partir do vindeiro mes de setembro se incorporen de maneira progresiva 4.000 novas persoas como beneficiarias dos recursos públicos de prevención e coidado da dependencia.

A execución deste plan suporá adiantar dous anos un obxectivo que inicialmente se fixou para toda a lexislatura. E para elo, a Xunta de Galicia, aplicará dúas medidas: volverá a reforzar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e creará o Bono Autonomía en Residencia, unha achega para sufragar unha praza residencial privada a aquelas persoas que así o solicitaran e estean en lista de agarda.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Pleno:

-Cal foi a evolución na atención á dependencia en Galicia nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 13:54
Nº Rexistro: 37100
Data envío: 19/09/2018 13:54:49.656

Marta Rodríguez Arias na data 19/09/2018 13:52:09

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 19/09/2018 13:52:26

María Ángeles García Míguez na data 19/09/2018 13:52:36

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/09/2018 13:52:49

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 19/09/2018 13:53:06

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 19/09/2018 13:53:24

María Soraya Salorio Porral na data 19/09/2018 13:53:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com